nòs DIARIO

5 Septiembre, 2024

PAÍS: España
PÁGINAS: 24
AVE: 225 €
ÁREA: 56 CM² - 15%

FRECUENCIA: Martes a sábados
DIFUSIÓN: 2523
OTS: 18000
SECCIÓN: DEPORTES

Nós Diario

Susana Rodríguez con Abel Caballero onte no Concello de Vigo.

Susana Rodríguez Gacio regresa co ouro a Vigo

Redacción | Nós Diario

O alcalde de Vigo, Abel Caballero, recibiu onte Susana Rodríguez Gacio, a quen felicitou logo de gañar a medalla de ouro en tríatlon nos Xogos Paralímpicos de París 2024. Esta é a segunda medalla de ouro que consegue esta deportista xa que tamén se proclamou gañadora na cita olímpica de Toquio en 2021, un mérito que destacou o rexedor vigués engadindo que "polo medio sufriches unha caída moi próxima aos Xogos que puido incapacitarte" e trasladoulle o "enorme orgullo da cidade" pola súa vitoria. Pola súa parte, Rodríguez Gacio amosouse durante a recepción "encantada de adestrar en Vigo e ter feito toda a miña carreira deportiva aquí" e agradeceu todas as mostras de cariño recibidas estes días desde a súa chegada á cidade olívica.